

Presentación da materia/módulo

Materia / Módulo	Lingua galega e literatura	Curso / Ciclo	1º BACH
------------------	----------------------------	---------------	---------

CONTIDOS (Temporalizados por avaliacións)

1ª Avaliación	<p>B.1.AS LINGUAS E OS SEUS FALANTES A formación da lingua O galego na Idade Media</p> <p>B.2.COMUNICACIÓN TIPOLOXÍA TEXTUAL O texto dialogado O texto descritivo O texto narrativo</p> <p>COMENTARIO DE TEXTOS Lectura e comprensión Resumo</p> <p>B.3.EDUCACIÓN LITERARIA As cantigas medievais</p> <p>B.4. REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA GRAMÁTICA O substantivo O adxectivo</p> <p>ORTOGRAFÍA A acentuación</p> <p>LECTURAS: O alumnado escollerá unha obra literaria entre as seguintes: CAAMAÑO, Begoña, <i>Morgana en Esmelle</i> CAMPO, Marica, <i>Confusión e morte de María Balteira</i> LOPO, Santiago, <i>A arte de trobar</i> PORTAS, Manuel, <i>Lourenço, xograr</i></p>
----------------------	--

B.1.AS LINGUAS E OS SEUS FALANTES

O galego na Idade Moderna

O galego no século XIX

B2. COMUNICACIÓN

TIPOLOXÍA TEXTUAL

O texto expositivo

COMENTARIO DE TEXTOS

Título e tema

Ideas principais e ideas secundarias

B.3. EDUCACIÓN LITERARIA

Os Séculos Escuros

O Prerrexurdimento

O Rexurdimento: Rosalía de Castro

B.4. REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA

GRAMÁTICA

Os determinantes

O pronome persoal

ORTOGRAFÍA

Uso correcto de b e v; h; s e x

LECTURAS: O alumnado escollerá unha obra literaria entre as seguintes:

COELLO RIVERO, Antón, *As rulas de Bakuni*

ORUÑA, María, *O souto dos catro ventos*

REI VILAS, María, *Flores de ferro*

VILLAR, Domingo, *A praia dos afogados*

3ª Avaliación	<p>B.1.AS LINGUAS E OS SEUS FALANTES A diversidade lingüística no mundo A diversidade lingüística na Península Ibérica A lusofonía</p> <p>B.2.COMUNICACIÓN TIPOLOXÍA TEXTUAL O texto argumentativo</p> <p>COMENTARIO DE TEXTOS Estrutura</p> <p>COMENTARIO CRÍTICO</p> <p>B.3.EDUCACIÓN LITERARIA O Rexurdimento: Eduardo Pondal e Manuel Curros Enríquez</p> <p>B.4.REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA GRAMÁTICA O verbo O adverbio</p> <p>ORTOGRAFÍA Grupos consonánticos con -l- e -r- Grupos consonánticos cultos: -ct- e -cc-</p> <p>LECTURAS: O alumnado escollerá unha obra literaria entre as seguintes: ALEIXANDRE, Marilar, <i>As malas mulleres</i> ANEIROS, Rosa, <i>Resistencia</i> MOURE, Teresa, <i>Unha primavera para Aldara</i></p>
----------------------	---

PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

Instrumentos	Peso %
Probas de contido da materia	70%
Lectura obrigatoria	10%
Proba de expresión oral	10%
Avaliación do traballo diario	10%

Criterios:

Haberá unha proba de LINGUA e outra de LITERATURA por avaliación, puntuadas sobre SETE puntos cada unha.

Nas probas escritas descontaranse 0,05 por faltas leves (ex: tiles) e 0,1 por faltas máis graves (castelanismos, tempos compostos, incorrecta colocación do pronome persoal átono, b/v, h/...).

A lectura obrigatoria do libro escollido polo alumnado, entre os propostos en cada avaliación, comprobarase a través dunha proba de control de lectura, que se puntuará ata un máximo de UN punto.

A avaliación do traballo diario levarase a cabo tendo en conta a participación nas distintas tarefas académicas, tanto de forma oral como escrita. Para a valoración da parte escrita, teranse en conta as actividades feitas no caderno e para a parte oral, a participación na aula no seguimento da materia.

Realizarase unha proba de expresión oral en cada avaliación. Para esta proba, poderán solicitarse gravacións como instrumento de avaliación.

A nota de cada avaliación será a media obtida entre as probas de LINGUA e de LITERATURA, á que se sumará a puntuación obtida na proba de LECTURA, a nota da proba de EXPRESIÓN ORAL e a valoración do TRABALLO DIARIO.

A nota mínima que se debe acadar para aprobar a avaliación será de CINCO puntos.

Ao longo do curso levarase a cabo a avaliación continua dos contidos de LINGUA. A proba da TERCEIRA avaliación incluírá contidos de LITERATURA das avaliacións anteriores.

A nota final de curso será a media das tres avaliacións, tendo en conta que a cualificación obtida na proba da TERCEIRA avaliación puntuará dobre e a esta sumaranse as notas da PRIMEIRA e SEGUNDA avaliacións. A suma resultante dividirase entre catro. Para o cálculo das notas medias terase en conta a nota real de cada avaliación e non a ponderada.